

CONCLUSIONS AO RELATORIO POLITICAS SOCIO-ASISTENCIAIS

IX CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

- I. Realizar un estudo, un proxecto especial para os galegos emigrantes que residen en Venezuela, dada a actual situación de crise económica social que atinxe a este país.
- II. Manter as axudas aos Centros Galegos, con especial atención aos de Venezuela, dado o incremento enorme de gastos que están a ter en vixilancia, vallado de instalacions con electrificación, dada a actual situación de inseguridade que se esta vivir neste país.
- III. Facer as xestions necesarias para que, no caso de falecemento de unha persoa beneficiaria dunha prestación económica por ancianidade no Goberno de España, quede asegurada a asistencia sanitaria ao conxuxe viuvo.
- IV. Que se considere de forma especial as entidades galegas que como o Hogar Gallego para Ancianos de Domselar inaugurarón obras para enfermos que parecen Alzheimer.
- V. Que se axilicen no medio do posible os tramites de solicitudes que afecten as persoas de mais edade
- VI. Potenciar as actividades nos centros dedicados as persoas mayores ben con cursos ou con outro tipo de accions que contribuan ao benestar integral do adulto mayor con manualidades terapéuticas, talleres de teatro, pintura, alfabetización informática, yoga, gimnasia, flexibilidade, expresión corporal, ... Con estas actividades atrasariase a aparición de enfermedades degenerativas.
- VII. Dada a idade avanzada da emigración galega en America o numero de persoas afectadas polas enfermedades de Alzheimer, Parkinson e demencia senil comeza a ser muy

elevada polo que se propon axudas para que estes enfermos podan a ser atendidos nas residencias adecuadas.

- VIII. Apoyar a construccion de xeriatricos e rematar os que están en construccion, especificamente o que estar a realizar o Centro de Boiro en Bos Aires.
- IX. Que se manteñan as axudas económicas individuais con especial atención a persoas con enfermidade, que teñan familias dependentes, asi como as axudas as entidades que prestan servizos asistenciais e sanitarios.
- X. Dada a carestia das medicinas nos diferentes países de sudamerica que imposibilita que as persoas maiores enfermas podan medicarse, solicitase o envio de cargamentos de medicinas tal como se realizaron en 2001 e 2002. Estes cargamentos deben de ir a nome das entidades que prestan servizos asistenciais e sanitarios.
- XI. Propor que as entidades galegas fagan campañas de recogida de medicinas procedendo, atraves da Xunta de Galicia, ao seu envio aos Centros Galegos de destino.
- XII. Que se remitan as conclusions desta ponencia a todos os grupos políticos do Parlamento Nacional para que poidan instar ao goberno a realizar as modificacions necesarias para posibilitar a mellora das axudas e prestacions aos emigrantes en situación de necesidade.
- XIII. Intentar políticas de esforzo compartido que distribua a carga entre todos os contribuyentes similar ao modelo implantado nalguns países de Europa como Alemania.
- XIV. Potenciar as xinerxias de todas as entidades para conseguir un maior alcance na atención socio-sanitaria, via unificación ou mediante traballos conxuntos.
- XV. Promover o recoñecemento do fenómeno histórico e social da emigración.

- XVI. Manter os programas como vacacionais para lembrar que permiten o achegamento a terra dos participantes residentes en España e Europa.
- XVII. Mellorar a coordinación entre concellos e goberno central para os trámites relativos a lei de dependencia.
- XVIII. Agradecer a Xunta de Galicia a implantación da tarxeta sanitaria que permitirá a atención sanitaria nas viaxes a Galicia.